



Poño no seu coñecemento que o día 27/09/2021 10:08:00, a Alcaldía ditou a *resolución núm. 2053/2021* que a continuación se transcribe:

“Expte. núm. 2021/G003/001834

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (PEL-REACTIVA20.PEL-REACTIVA SADA. Convocatoria de subvencións para impulsar a actividade económica e o emprego. FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA (PEL-REACTIVA)

Aprobación de pagos no Lote 2.1.1 da convocatoria PEL-REACTIVA SADA)

ANTECEDENTES

1.- A resolución provincial 2020/32931 daba aprobación á concesión definitiva das axudas correspondentes ao Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da Provincia da Coruña (PEL-REACTIVA), outorgando ao concello de Sada 226.411,43€ en virtude da adhesión municipal ao fondo.

2.- Por medio da avocación de competencias a Alcaldía aprobou as bases específicas da convocatoria de axudas do Concello de Sada mediante o decreto núm. 2280/2020 do 29.10.2020, dentro do marco das subvencións provinciais PEL-REACTIVA.

3.- As bases reguladoras foron publicadas na BDNS. O correspondente extracto foi publicado no BOP da Coruña con data 04.11.2020, dando lugar á apertura do prazo de solicitudes que se prolongou ata o 25.11.2020. A páxina web municipal publicou toda a normativa relacionada, así como as bases específicas.

4.- A tramitación das solicitudes deu lugar a unha primeira resolución de concesión definitiva, baseada no orzamento inicial da convocatoria, que se concretou no decreto núm. 588/2021 do 12 de marzo. Posteriormente o Pleno municipal aprobou unha modificación de crédito para ampliar a achega municipal á convocatoria do PEL-Reactiva Sada, na sesión extraordinaria celebrada na data do 11-03.2021. Alcaldía aprobou un decreto de aprobación da ampliación, co núm. 582/2021 do 12.03.2021. En consecuencia, unha vez que finalizou o prazo de exposición pública da modificación de crédito, o Concello recoñeceu mediante o decreto de Alcaldía núm. 927/2021 de 30.04.2021 a concesión definitiva da axuda a aquelas persoas solicitantes que foran anteriormente incluídas dentro da lista de agarda.

5.- O decreto 927/2021 supuxo a apertura do prazo de xustificación para as persoas beneficiarias. A Alcaldía ditou o decreto 1620/2021 de aprobación e pago para incluír a un primeiro lote de solicitantes que xa tiña completa a xustificación da axuda (Lote 2.1). Pero na resolución segunda do dito decreto requiríuse a dúas solicitantes acreditar a condición de correcto cumprimento das obrigas tributarias.

6.- O prazo establecido para responder ao requirimento descrito finalizou e os Servizos Económicos municipais revisaron a documentación presentada polas persoas interesadas, con resultado positivo, tal como se recolle no informe emitido pola comisión técnica. En consecuencia, a Concellería de Promoción Económica, como órgano responsable da tramitación, presentou a proposta para a aprobación e pago das axudas xustificadas.

8. A Intervención municipal emitiu o informe núm. JPB 239/2021, no cal fiscalízase de conformidade as axudas que se propoñen para o seu pagamento.

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade e autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



Por todo canto antecede, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar os gastos do Concello que se relacionan na seguinte táboa, correspondentes aos importes de axuda xustificadas polas persoas beneficiarias da convocatoria PEL-Reactiva que foron requiridas por medio da resolución segunda do decreto 1620/2021 e que forman o LOTE 2.1.1., con cargo á aplicación orzamentaria 439.47900, recoñecendo a obriga por un importe total de 3000,00 euros.

| EXP. | INTERESADO GRUPO I | DNI/CIF | IMPORTE |
|-------------|--------------------------------|-----------|---------|
| 388 | SILVIA SEIJO SEXTO | ***9910** | 1.500 € |
| 656 | VIVIANA TERESA CHAHWAN CHAHWAN | ***8286** | 1.500 € |
| TOTAL AXUDA | | GRUPO I | 3.000€ |

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro da sede electrónica municipal (sede.sada.gal) e na páxina web municipal e cumprir así os efectos da notificación colectiva de todas as persoas e entidades interesadas, de acordo co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e consonte ao establecido no punto 11 das bases reguladoras.

Terceiro.- Ordenar á Tesouraría municipal o pagamento das axudas aprobadas.

Cuarto.- Ordenar a publicidade desta resolución e a notificación da mesma ás persoas interesadas.

Quinto.- Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. En caso de interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, as interesadas poderán exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.”

O que traslado a vostede para o seu coñecemento e efectos procedentes.
Sada, luns 27 de setembro de 2021.- A Secretaria que asina á marxe.